



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*R.P.7091/2024.- Aprobación das bases do XXII Premio “Miguel González Garcés” de poesía*

#### XXII Premio Miguel González Garcés” de poesía

Dando continuidade ao que xa é unha tradición na convocatoria poética en lingua galega e recollendo tamén o exemplo deste significativo escritor coruñés, a Deputación da Coruña convoca o XXII Premio “Miguel González Garcés” de poesía , de acordo coas seguintes:

#### BASES

##### Primeira.-

Poderán optar ao premio todas as persoas de calquera nacionalidade, que non fosen premiadas nos cinco anos anteriores a este, e que presenten obras de poesía escritas en lingua galega.

As obras deberán ser inéditas, non premiadas en ningún outro premio, nin publicadas ou rexistradas, total ou parcialmente.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se producira, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

##### Segunda.-

O premio é único e indivisible e está dotado coa cantidade de **6.500 €**, figurando incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan de aplicación.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa premiada falecese despois da decisión do xurado.

A Deputación, que publicará a obra premiada, reservárase os dereitos de edición durante un prazo de dezoito meses, que se contará desde a data da concesión do premio, e entregará á persoa gañadora trinta exemplares da obra editada.

A autora ou autor manterá os dereitos para a posible edición da obra en calquera outra lingua distinta á galega. Esta edición non poderá ser realizada, en ningún caso, con anterioridade á edición en lingua galega.

##### Terceira.-

As obras serán de tema libre e terán unha extensión non menor de trescentos versos, que deberán cumprir as seguintes especificacións: folia formato DIN A4, texto a dobre espazo, letra Times New Roman corpo 12 e deberá estar paxinado. En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no texto da obra.

A presentación farase, preferentemente, en formato dixital, por medio dun USB/CD que incluírá no exterior a seguinte identificación: XXII Premio “Miguel González Garcés” de poesía, título da obra ou lema e pseudónimo; o tratamento de texto será Word ou OpenOffice.

No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais serán enviados por duplicado, en exemplares separados, grampados ou encadernados.

A obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que a obra será enviada achegada dun sobre á parte; no exterior do sobre figurará o título da obra e o lema ou pseudónimo da persoa que sexa a súa autora; no interior incluírase a documentación seguinte:

- copia do DNI
- enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.
- breve currículo.
- declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.
- declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.
- escrito de cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de dezaioito meses desde a data de concesión do premio.
- declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XXII Premio “Miguel González Garcés” de poesía, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Cuarta.-**

O prazo de presentación iníciase o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións o día **30 de abril de 2024**.

As solicitudes enviaranse, a portes pagados, á Deputación Provincial da Coruña, Avda Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre XXII Premio “Miguel González Garcés” de poesía.

#### **Quinta.-**

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

#### **Sexta.-**

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

O fallo do xurado será inapelable; terá lugar no segundo semestre de 2024 e será dado a coñecer a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>); a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

Se hai finalista, a plica correspondente á obra poderá ser aberta pola persoa que exerza a secretaría do xurado co fin de que, se a persoa autora o permite, poida darse a coñecer o seu nome.

#### **Sétima.-**

Non se devolverán as obras presentadas non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado serán destruídas.

#### **Oitava.-**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

**Novena.-**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude [https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD\\_N](https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N)

Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

A Coruña, 23 de febreiro de 2024.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2024/1350